

LUGO



Concello de Lugo

INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA 2026

VENRES 14/08 A XOVES 20/08



Concello de Lugo



Concello de Lugo

LUGO


INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 13/08.
Boletín cultural Nº 9

Séguenos nas nosas redes, e segue
as redes das entidades, promotores
culturais e medios de comunicación
locais para as actualizacións
correspondentes.

Imaxe da portada: xenérica.

Para recibir este boletín:
envía a túa dirección de correo electrónico a:
010@lugo.gal Asunto: boletín.



ENTRADASLUGO.ES



010 /
OMT 982 251 658



LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo

CIRCO ★ CLOWN ★ HUMOR

TARDE e TARDIÑA

AGOSTO E
SETEMBRO 2026

 **PRAZA DE
SANTA MARÍA - LUGO**

 **TODOS OS XOVES**
O último espectáculo celebrarase
o **mércores 30 de setembro**

 **18:00 h.**

AGOSTO

06 O SHOW DE FIFO
Cía. TROULA

13 OS OURIZOS AGARIMOSOS
Cía. BARAFUNDA

20 ROYAL
Cía. PAULA QUINTAS CÍA

27 PIENSA EN WILBUR
Cía. VÍCTOR ORTIZ

SETEMBRO

03 FINS AO CEL
Cía. SPINISH CIRCO

10 TRES TRISTES TROLLS
Cía. LANÖRDIKA

17 REFUGI
Cía. MANOLO ALCÁNTARA CÍA

24 WOOF
Cía. PERE HOSTA CÍA

30 COLLAGE
Cía. BOTPROJECT CÍA



**Concello
de Lugo**

MÁIS INFORMACIÓN



www.concellodelugo.gal

CIRCO ★ CLOWN ★ HUMOR

TARDE e TARDIÑA

AGOSTO 2026



**PRAZA DE
SANTA MARÍA - LUGO**



TODOS OS XOVES



18:00 h

13

AGOSTO



50 min.



TODOS OS
PÚBLICOS



OS OURIZOS AGARIMOSOS

Cía. **BARAFUNDA**

Obra musical de monicreques

Cacho é unha ouriza de terra que vive polos montes dos arredores da ría de Vigo. É unha ouriza moi alegre e moi querida por todos os seus amigos e veciños, pero todo cambia cando chega a adolescencia e as súas pugas comezan a medrar.

Pouco a pouco todo o mundo comezará a deixala de lado, pero Cacho consegue refuxiarse na música, coa súa guitarra. Grazas a isto coñecerá a outros amigos na súa mesma situación: Rizo, un ourizo de mar moi riquiño, Picho, un señor ourizo de castaña e Flor unha estupenda toxo habitante dos montes galegos. Tamén se atoparán cunha polbo moi rabuda e un esquío metomentodo que non lle facilitarán moito as cousas.

Con todo, os catro amigos conseguirán montar un grupo de rock e cantarán as súas cantigas durante meses ata que na primavera un concurso de bandas fará que todo cambie para eles!

20

AGOSTO



50 min.



TODOS OS
PÚBLICOS



ROYAL

Cía. **PAULA QUINTAS CÍA**

Circo danza

Un espectáculo de circo e danza, cargado de ritmo, humor, emoción e acrobacias, onde a linguaxe do corpo se converte na tinta dunha historia escrita no aire.

"Royal" é unha peza cómica que combina o clown poético e a danza.

Elegancia, enredos e complicitades danse cita nunha proposta chea de frescura que fará rir, sorprenden e emocionar a toda a familia, ofrecendo unha experiencia artística tan divertida como evocadora.

MURALLEANDO 2026

MÚSICA EN VIVO NO TEMPLETE

Xullo

- 3 D' XANARES
- 4 ATLÁNTICA
- 10 BANDA FILARMÓNICA DE LUGO
- Lugar: (Praza Sta. María)
- 11 GALGA BLUES BAND
- 17 RHOLBEN
- 18 FLORA
- 24 DAYDREAM SESSIONS
- 25 THE OLD PROJECT
- 31 LANASA + MERMELADA

Agosto

- 1 TARDEO INDIE
- 7 MUSEL
- 8 BEACH AVENUE
- 14 COLECCIÓN ROMÁNTICA
- 15 PANOSEDÁN
- 21 MULLER
- 22 SUPER SUPERNOVA
- 28 CIRCUNCISIÓN TOTAL
- 29 CHARANGA FILARMÓNICA



TODOS OS VENRES
E SÁBADOS DE XULLO,
AGOSTO E PRIMEIRA
SEMANA DE SETEMBRO

Setembro

- 4 CONCIERTO CANCELADO
- 5 CLAUSTROMÚSICA



ÁS 20:30 H.



TEMPLETE DA PRAZA MAIOR



Concello de Lugo



Concello de Lugo

MURALLEANDO 2026

MÚSICA EN VIVO NO TEMPLETE



COLECCIÓN ROMÁNTICA VENRES 14 de AGOSTO

Unha coidada selección de temas para crear unha experiencia emocional. Sergio Alba na voz e David Taboada no piano emprenden unha viaxe máxica, visitando cada canción con agarimo.



ÁS 20:30 H.

PANOSEDÁN SÁBADO 15 de AGOSTO

Panosedán une memoria e innovación nun diálogo íntimo entre a música de raíz e as linguaxes de vangarda. Unha viaxe emocional con forza e frescura.





CINE DE VERÁN



ORBAZAI

Sábado, 4 de xullo
22:30 h



BENADE

Sábado, 18 de xullo
22:30 h




PARQUE DA MILAGROSA

Mércores, 29 de xullo
22:30 h



PARQUE ROSALÍA DE CASTRO

Mércores, 12 de agosto
22:00 h



SAN XOÁN DO CAMPO

Sábado, 15 de agosto
22:00 h



NADELA

Sábado, 29 de agosto
22:00 h



PRAZA DE SANTA MARÍA

Xoves, 10 de setembro
22:00 h

Estas proxeccións inclúen mensaxes informativas e de sensibilización da **Asociación Española Contra o Cancro**

**CINE,
NA RÚA**

VERÁN 2026

• ZONA RURAL DE LUGO •

PELÍCULA:

LOS TIPOS MALOS 2

SAN XOAN DO CAMPO

SÁBADO 15 DE AGOSTO DO 2026

HORARIO 22:00 HORAS

PELÍCULA LOS TIPOS MALOS 2

Achega a túa cadeira ou manta e disfruta do mellor cine!

www.cinenarua.com

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

galicia calidade

Concello de Lugo

EXPOSICIÓN “BOTAMOS UN BAILE?” na Praza Maior



EXPOSICIÓN “ARDE LUCUS. 25 ANOS DE FESTA, 200 ANOS DE HISTORIA “

Delegación Territorial da Xunta en Lugo



"ROERICH LLEGA A SHAMBALA"

José Barranco

Do 6 de agosto ao 30 de setembro do 2026
Celas de mulleres - 2ª planta



Concello de Lugo

[Máis información](#)



Programación Continua 2026



Concello de Lugo

BIBLIOTECA + ESPAZO DIDÁCTICO

OBRADOIROS

PÚBLICO INFANTIL

"PEQUEVIÑETISTAS"

Martes | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2013-2018

"A TODA COR"

Mércores | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2017-2022

"MINIRRELATOS"

Xoves | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2013 - 2018

Club de lectura infantil "RATIÑOS DE BIBLIOTECA" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00 | Nados/as entre 2013 - 2017

PÚBLICO XUVENIL

"E TI QUE CONTAS?"

Luns | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2009-2012

PÚBLICO ADULTO

"ABRINDO AS PORTAS"

Luns | 16:30 - 17:30

"CONSTRUÍNDO MEMORIA"

Martes | 16:30 - 17:30

"ESCRITURA CREATIVA"

Xoves | 18:30 - 19:30

Club de lectura feminista "EN-CLAVE FEMINISTA" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00

Club de lectura de memoria democrática "GREGORIO SANZ" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00

PROGRAMA TÁNDEM

Horarios e días en función do idioma

VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra"

- VENRES: 17:30
- SÁBADOS: 11:15 e 17:30
- DOMINGOS: 11:15 (PÚBLICO FAMILIAR) e 17:30

PROGRAMACIÓN ESCOLAR

EDUCACIÓN PRIMARIA

"Un edificio con boa memoria" - Nemesio Cobreros

EDUCACIÓN SECUNDARIA

"Un edificio con boa memoria" - Rafael de Vega

BACHARELATO E COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Visita guiada edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra"

ESPAZO DE LECER

Nados/as entre 2017 - 2022

HORARIO (Sábados, domingos e festivos)

MAÑÁ	1ª quenda:	11:00 - 12:30
	2ª quenda:	12:30 - 14:00
TARDE	1ª quenda:	16:00 - 17:30
	2ª quenda:	17:30 - 19:00

ACTIVIDADES

"CONTACONTOS MIÚDOS"

Sábados | 11:00 - 12:30 e 12:30 - 14:00

"COUSIÑAS XEITOSAS"

Domingos | 11:00 - 12:30

TEMPO DE LECER

Sábados e Domingos. Horario do espazo, excepto nas horas de "Contacontos miúdos" e "Cousiñas xeitosas"

Festivos | Horario do espazo

INFORMACIÓN IMPORTANTE


- Todas as actividades son de balde.
- Na Biblioteca e no Espazo Didáctico **requírese inscrición previa**.
- No Espazo de Lecer e nas visitas guiadas, **recoméndase a inscrición previa**.
- A programación está suxeita a posibles modificacións en base aos eventos que acolle o Centro.
- Máis info e bases en: **ovellocarceredelugo.gal**

📍 Praza da Constitución s/n, 27002, Lugo

☎ 982 297 195

✉ velloccarcere@lugo.gal

🌐 ovellocarceredelugo.gal





Fotos de @reispentei



[Máis información](#)



#usklugo

PRÓXIMA
QUEDADA
DOS URBAN
SKETCHERS



Ponte romana



11:30h



Domingo 16 agosto

VISITAS GUIADAS AL

CÍRCULO



**MIÉRCOLES Y VIERNES
A LAS 10:30**

Reservas y pagos en la web
del Círculo de las Artes

www.circulodelasartes.org

SOCIOS GRATIS	
6€ Adultos	3€ Nenos/as de 7 a 14 anos
GRATIS Nenos/as de 0 a 6 anos	

[Máis información](#)

29 JUL
ORQUESTA
AKOKAN
(USA) **S/N**

11 AGO
LEHMANN'S
BROTHERS
(FR) **S/N**

17 OCT
EL DIABLO
DE SHANGAI
S/N

31 JUL
TANGOMANGO

5 AGO
LA RATE TIMIDE

31 OCT
WORLD BRAIN
(GER) **S/N**

19 DIC
AIKO EL GRUPO
S/N

HO!
GRUF
2026

Campo Castelo 30 Lugo

[Máis información](#)



HORARIO DE VERÁN:

Xullo
Abrimos todos os xoves, venres e sábados,
agás o xoves 2.

Agosto
Do 1 ao 14 o Clavi permanecerá pechado por
vacacións. Retomamos o sábado 15.
Agardámosvos!

[Máis información na web do Club Clavicémbalo](#)



Concello de Lugo

SALAS EXPOSITIVAS



“EL FONDO”

Exposición colectiva de verán



[Máis información](#)

PEPE BARRO

O deseño como
forma de mirar

Coñece o autor de «**Cabezas cortadas**», a exposición que poderá visitarse na Casa da Galería do 17 de xullo ao 17 de setembro.



**Casa
da Galería**

Fundación
Margarita Ledo
Andión



[Máis información](#)



Concello de Lugo

INFORMACIÓN TURÍSTICA

SALAS MUSEÍSTICAS
OFICINA DE TURISMO





sendas para a desconexión

coa colaboración de Guido Guía

O Concello de Lugo organiza de agosto a novembro 14 paseos guiados gratuitos e circulares polas novas sendas oficiais, identificadas/deseñadas por Guido Guía, e sinalizadas neste 2026.

Achégate ao punto de inicio nos horarios indicados, participa nestas actividades, e descubre as sendas para a desconexión!

Non é
preciso
inscribirse!

O PEQUENO FROILÁN

Duración: 2 horas
📅 8 de agosto e 3 de outubro
📍 Praza do Carme
🕒 11:00 h.

AFONSO O CASTO

Duración: 2-3 horas
📅 15 de agosto e 17 de outubro
📍 Praza do Camiño Primitivo
🕒 11:00 h.

ruta das CHOUSAS

Duración: 2 horas
📅 22 de agosto e 24 de outubro
📍 Aula de Natureza O Veral
🕒 11:00 h.

O VELLO LUGO AGRARIO

Duración: 2 horas
📅 29 de agosto e 7 de novembro
📍 Monumento de Santalla de Bóveda
🕒 11:00 h.

TERRA DE CANTEIRAS

Duración: 2 horas
📅 5 de setembro e 14 de novembro
📍 Praza de Santo Domingo
🕒 11:00 h.

RIBEIRAS ALTAS MIÑO ARRIBA

Duración: 2-3 horas
📅 12 de setembro e 21 de novembro
📍 Ponte Romana
🕒 11:00 h.

VÍA KÜNIG

Duración: 2-3 horas
📅 26 de setembro e 28 de novembro
📍 C.I. Terras do Miño
🕒 11:00 h.



Concello
de Lugo



EUROPE DIRECT
Lugo



GUIDO GUÍA
DESEÑANDO NOVOS CAMIÑOS

[Máis información](#)

ruta 02



sendas para
a desconexión
colaboración de Guido Guía

AFONSO O CASTO

Un percorrido que segue as pegadas do **primeiro peregrino a Compostela, o rei Afonso o Casto**. Dende o **Camiño Primitivo**, atravesamos o centro histórico e a **Porta Miñá** ata o **Miño**, pasando pola **Catedral**, o **Regueiro das Hortas**, a **Ponte Romana** e as **Termas Romanas**.

📅 15 de agosto de 2026

🕒 11:00 h.

📍 Praza do Camiño Primitivo



Descubre o trazado da ruta en
turismocastellelugo.es/sendas/

DURACIÓN

2-3 h

LONXITUDE

10,4 km

DIFICULTADE

Media

APTA PARA MASCOTAS

Sí

[Máis información](#)



Concello
de Lugo



EUROPE DIRECT
Lugo

GUIDO GUÍA
PROYECTO LUGO 2000-2006

VIVE LUGO COMO EN ROMA

VISITA TEATRALIZADA

SAÍDA
Casa dos Mosaicos

CHEGADA
Centro Arqueolóxico de San Roque

HORARIO
Ás 17:00 hs
Excepto o 18 que será ás 18:15



Viaxa ao pasado e descubre a vida cotiá en Lucus Augusti a través dunha experiencia chea de historia e relatos.

CARACTERÍZATE DE ROMANO OU ROMANA.

COÑECE CURIOSIDADES E LENDAS ROMANAS.

PERCORRE LUGO COMO FACÍAN OS NOSOS ANCESTROS.

UNHA EXPERIENCIA PARA TODA A CIDADANÍA.

DATAS

XUÑO: DÍAS 18 E 19

XULLO: DÍAS 9 E 23

AGOSTO: DÍAS 6 E 13

DURACIÓN APROX.
1 HORA E MEDIA

GRUPOS
REDUCIDOS

RESERVAS OFICINA
DE TURISMO
982 251 658



SE A CLIMATOLOXÍA É ADVERSA, A ACTIVIDADE SUSPENDERASE

Concello de Lugo

DESVELANDO MUSAS

MOSTRA
ARTÍSTICA
DE PITELO

no MIHL do
29 de maio ao
24 de agosto
de 2026

Organiza Concello de Lugo

Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo

escenoset

EXPOSICIÓN DE OBRAS PREMIADAS NO CERTAME DE PINTURA RÁPIDA EN EDICIÓNS ANTERIORES





Museo MIHL

Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
[instagram.com/mihl_museo/](https://www.instagram.com/mihl_museo/)



O Vello Cárcere

Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal
[facebook.com/OVelloCarcere](https://www.facebook.com/OVelloCarcere)
[instagram.com/ovellocarcere/](https://www.instagram.com/ovellocarcere/)
[x.com/o_vello_carcere](https://www.x.com/o_vello_carcere)



**Sala de Exposicións
Porta Miñá**

Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962 museo.porta@lugo.gal
[facebook.com/lugomuseos/](https://www.facebook.com/lugomuseos/)
[instagram.com/museoslugo/](https://www.instagram.com/museoslugo/)



Casa dos Mosaicos

Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15 casadosmosaicos@lugo.gal
[facebook.com/lugomuseos/](https://www.facebook.com/lugomuseos/)
[instagram.com/museoslugo/](https://www.instagram.com/museoslugo/)



**Centro de Interpretación
da Muralla**

Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658 cim@lugo.gal
[facebook.com/lugomuseos/](https://www.facebook.com/lugomuseos/)
[instagram.com/museoslugo/](https://www.instagram.com/museoslugo/)



Oficina de Turismo

Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal
[facebook.com/TurismodeLugo/](https://www.facebook.com/TurismodeLugo/)



EXPLORA LUGO



Centro arqueolóxico
San Roque

Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105 museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Museo Provincial de
Lugo

Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112 info@museolugo.org
facebook.com/redemuseisticaprovincial
x.com/RedeMuseistica

LUGO KM 100

LUGO, CENTRO NEURÁLXICO DO TURISMO
DE PROXIMIDADE NA GALIZA

» A 100 KM DE ZONAS TURÍSTICAS:
A MARIÑA, A RIBEIRA SACRA OU COMPOSTELA

» TRES PATRIMONIOS DA HUMANIDADE:
A CATEDRAL, A MURALLA E O CAMIÑO PRIMITIVO

» UNHA APOSTA POLO TURISMO
SOSTIBLE E DE PROXIMIDADE



NOVAS DE LUGO



Concello de Lugo



O Concello de Lugo pon en marcha “Lugo: Sendas para a desconexión”, un ciclo de paseos guiados para descubrir o patrimonio natural e cultural do municipio



Este programa supón un novo paso na consolidación do proxecto das Rutas Naturais do Concello de Lugo, que naceu inicialmente con 21 itinerarios e que recentemente foi ampliado ata alcanzar un total de 23 rutas. A sinalización das primeiras oito sendas representa, ademais, un fito na oficialización desta rede de percorridos, facilitando que veciños e visitantes poidan desfrutalas de maneira autónoma e con todas as garantías.

O obxectivo da iniciativa é poñer en valor e dar a coñecer o patrimonio natural, histórico, etnográfico e paisaxístico de Lugo a través destes roteiros.

As rutas seleccionadas para este primeiro ciclo percorren algúns dos espazos máis emblemáticos do municipio e ofrecen unha oportunidade para coñecer Lugo desde unha perspectiva diferente, gozando do territorio con calma.

O programa comezará o sábado 8 de agosto coa ruta “O Pequeno Froilán”, con saída ás 11:00 horas desde a Praza do Carme. Ata finais de novembro celebraranse novos paseos guiados por outras seis rutas xa sinalizadas.

A participación é totalmente gratuíta e non é necesaria inscrición previa. As persoas interesadas só terán que acudir directamente ao punto de encontro indicado para cada ruta á hora establecida.

Calendario dos sete primeiros paseos guiados:

Sábado, 8 de agosto— O Pequeno Froilán.
Lugar de saída: Praza do Carme. Hora: 11:00 h. Duración aproximada: 2 horas.

Sábado, 15 de agosto— Afonso O Casto.
Lugar de saída: Praza do Camiño Primitivo.
Hora: 11:00 h. Duración aproximada: 2-3 horas.

Sábado, 22 de agosto— Ruta das Chousas.
Lugar de saída: Aula de Natureza do Veral.
Hora: 11:00 h. Duración aproximada: 2 horas.

Sábado, 29 de agosto— O Vello Lugo
Agrario. Lugar de saída: Santalla de Bóveda.
Hora: 11:00 h. Duración aproximada: 2 horas.

Sábado, 5 de setembro— Terras de Canteiras. Lugar de saída: Praza de Santo Domingo. Hora: 11:00 h. Duración aproximada: 2-3 horas.

Sábado, 12 de setembro— Ribeiras Altas Miño Arriba. Lugar de saída: Ponte Romana. Hora: 11:00 h. Duración aproximada: 2-3 horas.

Sábado, 26 de setembro— Vía Küinig. Lugar de saída: Centro de Interpretación Terras do Miño. Hora: 11:00 h. Duración aproximada: 2-3 horas.



Lugo rende homenaxe a Fernando Ónega co seu nomeamento como Fillo Adoptivo da Cidade



O Concello de Lugo celebrou o pasado venres o acto institucional de nomeamento de Fernando Ónega como Fillo Adoptivo da Cidade de Lugo, a título póstumo, nunha cerimonia celebrada no Salón Rexio do Círculo das Artes e presidida pola alcaldesa, Elena Candia.

Familiares, amizades e representantes da sociedade lucense participaron nunha homenaxe coa que a cidade recoñeceu a traxectoria dun dos grandes referentes do xornalismo español e, de maneira especial, o profundo vínculo que Fernando Ónega mantivo ao longo de toda a súa vida con Lugo e Galicia.

A cerimonia comezou coa lectura de “Galicia”, de Manuel María, a cargo de Gustavo Díaz e acompañada ao piano por Roberto Frías.

O poema introduciu o fío condutor do acto: a vinculación de Fernando Ónega coa súa terra e cunha identidade galega que mantivo presente independentemente do lugar no que desenvolveu a súa carreira profesional.

Julio Méndez, impulsor da iniciativa

Tomou a palabra en primeiro lugar Julio Méndez Menéndez de Llano, amigo de Ónega e promotor da campaña cidadá que desembocou na concesión da distinción. Méndez repasou a súa traxectoria persoal e profesional e defendeu o nomeamento como unha forma de devolverlle parte do cariño que Ónega sempre amosou pola cidade.

Resumiu a súa figura como a dun “buen amigo, un buen lucense e un gran comunicador”.

Feijóo lembra a súa dimensión humana e profesional

A continuación participou Alberto Núñez Feijóo, amigo persoal do homenaxeado, quen centrou a súa intervención na figura de Ónega como xornalista e como testemuña privilexiada de máis de cinco décadas da historia recente de España. Afirmou que "a democracia española non sería a mesma se Fernando non lle puxese as palabras".

Feijóo puxo en valor a capacidade do comunicador para explicar a actualidade e destacou a súa permanente identificación con Galicia e con Lugo.

Entrega do diploma e das placas

O concelleiro de Cultura e Educación, Javier Vázquez, deu lectura á acta de concesión do título. A continuación, a alcaldesa de Lugo, Elena Candia, xunto á viúva de Ónega, Ángela Rodrigo, e aos seus fillos, Cristina, Sonsoles e Fernando, subiron ao escenario para a entrega do diploma enmarcado e das placas conmemorativas á familia.

Ángela Rodrigo tomou a palabra en nome da familia para agradecer o recoñecemento da cidade e lembrar a relación persoal e afectiva que Fernando Ónega mantivo sempre con Lugo: "camiñar ao seu carón era percorrer ao mesmo tempo a cidade e a súa memoria".



Candia destaca un recoñecemento “necesario, de agradecemento e de xustiza”

Pechou as intervencións a alcaldesa, Elena Candia, quen reivindicou a conveniencia de recoñecer figuras que constitúen referentes polo seu percorrido profesional e humano.

A alcaldesa puxo especialmente en valor a vinculación de Ónega con Lugo e o feito de que mantivese sempre presentes as súas raíces. Candia trasladou tamén o agradecemento da cidade á familia e subliñou que o nomeamento permite incorporar formalmente a Fernando Ónega á memoria institucional de Lugo, recoñecendo unha relación que o propio xornalista cultivou durante toda a súa vida. Ónega foi "parte imprescindible da nosa historia".

O acto concluíu co público en pé para escoitar e cantar o Himno Galego.

BOLETÍN CULTURAL DE LUGO



010 / OMT 982 251 658




LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo



ENTRADASLUGO.ES

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.